



Obxecto:	Solicitud Informe Estudio de Impacto Ambiental e Proxecto de Interese Autonómico
Proxecto:	Parque Eólico Castro Valente
Concellos:	A Estrada, Pontecesures e Valga (Pontevedra) e Padrón (Coruña)
Promotor:	Iberdrola Renovables Galicia, S.A
Remitido:	Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais. Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
Clave:	IN408A 2020/066
Expediente:	03.I.682.2021.002 (Servizo de Arqueoloxía) e IA3227/2021 (Servizo de Arquitectura)

06.10.2021 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación polo que se pon a disposición da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, na páxina web da Xunta de Galicia, os documentos: *Estudio de Impacto Ambiental del Proyecto de instalación del Parque Eólico Castro Valente, terminos municipales de Padrón (Coruña) y A Estrada, Pontecesures y Valga (Pontevedra), junio 2021* e *Proyecto de Interés Autonómico Parque Eólico Castro Valente en Padrón (Coruña) y A Estrada (Pontevedra), julio 2021*.

De acordo co establecido nos apartados 2 e 3 do artigo 37 da *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental* e nos apartados 1 e 2 do artigo 34 da *Lei 5/2016, do 4 e maio, do Patrimonio Cultural de Galicia* solicítase que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos técnicos de referencia.

ANTECEDENTES E FEITOS

O 02.02.2021 a directora xeral de Patrimonio Cultural resolve autorizar ao arqueólogo Cristobal Nodar Nodar, da empresa ZETA Arqueoloxía, a intervención *Prospección arqueolóxica para Avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural do Parque Eólico Castro Valente, concellos de Padrón (A Coruña) e A Estrada (Pontevedra)*. Este proxecto de intervención recibe o código ED 102A 2021/059-0.

O 21.07.2021 a directora xeral de Patrimonio Cultural emite informe sobre o Documento inicial do parque eólico Castro Valente nos termos municipais de Padrón (A Coruña) e A Estrada (Pontevedra). Abril 2020.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia* (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia* (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia* (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental* (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia* (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- *Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia* (DOG núm. 20, do 01.02.2021)
- *Decreto 198/2020, de 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade* (DOG núm. 242, do 01.12.2020)

O proxecto atópase dentro dos supostos de parques eólicos recollidos art.7.1 d) da *Lei 21/2013 do 9 de decembro, de avaliación ambiental* onde se sinala que os proxectos comprendidos no seu apartado 2 someteranse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria cando así o solicite o interesado, neste caso Iberdrola Renovables Galicia, S.A.

Estudo de Impacto Ambiental

- O proxecto do PE Castro Valente, desenvólvese ao amparo do Plan Sectorial Eólico de Galicia, dentro da ADE Monte Xesteiros e na franxa de 500m da súa envolvente.
- En concreto, o parque localízase nos termos municipais de Padrón (A Coruña) e A Estrada (Pontevedra), pero a súa poligonal abrangue tamén os concellos de Pontecesures e Valga





(Pontevedra).

- No apartado 4. *Análisis de alternativas* sinálase que ademais da Alternativa 0, de non execución, analizáronse outras tres opcións (A, B e C). A alternativa elixida foi a Alternativa C ao considerarse que é a máis óptima medio ambientalmente.
- O obxecto do proxecto é a construción dun parque eólico de 18 MW de potencia total, composto de 4 aerogeneradores modelo Siemens Gamesa SG145, de 4,5 MW de potencia nominal unitaria, 107,5 m de altura de buxa e 145 m de diámetro de rotor; e a súa infraestrutura asociada: accesos e vieiros interiores, cimentacións, movementos de terras, zonas de amoreamento de materiais, drenaxes lonxitudinais e transversais, plataformas de montaxe, gabias de cableado e subestación transformadora 30/66 kV.
- O acceso ao parque realizarase á altura do PQ 5 da estrada PO-214.
- No que respecta ao **patrimonio cultural**, no apartado da memoria do EIA *5.8 Sistema cultural, etnográfico e industrial* faise referencia e inclúese un resumo do "*Estudio de impacto sobre el patrimonio cultural*" elaborado pola empresa ZETA ARQUEOLOXÍA S.L. e que se incorpora como anexo ao EIA.
- O apartado 6.3 *Identificación de impactos*, punto 6.3.3 *Impactos sobre el Sistema Cultural*, fai referencia tamén ao Estudo de impacto cultural e, de acordo coas conclusións dese estudo, considera o impacto global NEGATIVO e SIGNIFICATIVO.
- No anexo IV *Estudio de impacto e integración paisaxística* faise unha análise do impacto sobre o patrimonio cultural en base ao traballo realizado por ZETA ARQUEOLOXÍA S.L. e inclúense unhas vistas (modelizacións) do parque eólico en relación cos elementos do patrimonio cultural do seu contorno (Castro Valente, Camiño de Santiago e Convento franciscano de San Antonio de Herbón, valorando os impactos en todos eles como moderados en fase de explotación.

En concreto, no subapartado 4.1.1.1. *Impacto sobre el Patrimonio Arqueológico* examínase en detalle o impacto visual que sufrirá o xacemento **Castro Valente/ A Cerca (GA 36017048)**. Sinalándose que nas fases de construción e desmantelamento o impacto pódese cualificar como **compatible** mentres na fase de explotación o impacto terá carácter **moderado**, xa que os aerogeneradores **serán visibles** dende o ben arqueolóxico.

Dentro deste mesmo Anexo no subapartado 6.3.3. *Medidas compensatorias* dispónse unha serie de medidas compensatorias como **campañas divulgativas** e a **modificación da cartelería** para revalorizar os elementos patrimoniais.

- A información detallada sobre o impacto que pode sufrir o **patrimonio cultural**, e en particular o patrimonio arqueolóxico, debido a implantación do parque recópilase en detalle no Anexo V.
- O Anexo nº V *Estudio de impacto del patrimonio cultural* recolle os resultados do proxecto de intervención arqueolóxica titulado *Evaluación del impacto sobre el patrimonio cultural en el proyecto de Parque Eólico Castro Valente, ayuntamientos de Padrón (A Coruña) y A Estrada (Pontevedra)*, número de código ED 102A 2021/059-0, dirixido polo arqueólogo Cristóbal Nodar Nodar, da empresa ZETA Arqueoloxía. De acordo con el leváronse a cabo as seguintes accións:
 - baleirado da información patrimonial da zona a estudio (bibliografía, Inventario de Xacementos Arqueolóxicos, PBA, catálogos dos diferentes planeamentos urbanísticos...).
 - prospección intensiva na banda de 200m a cada lado das infraestruturas a implantar e unha prospección extensiva dentro da poligonal do parque eólico.
 - inventario detallado no que se identifican, entre outros elementos, os bens arqueolóxicos catalogados e valóranse os posibles impactos que as obras poidan chegar a exercer sobre eles.

Os bens patrimoniais recollidos no inventario son un total de 12 elementos, dos cales 7 son de tipo arqueolóxico (2 xacementos, 4 referencias e 1 topónimo), 4 de tipo arquitectónico e unha vía cultural.

Dos bens arqueolóxicos só **Castro Valente/ A Cerca (GA 36017048)** é considerado dentro do ámbito de estudio do proxecto. O resto dos elementos atópanse na súa totalidade fóra da área de incidencia da obra e polo tanto, non sofren impacto real.





Do **Castro Valente/ A Cerca (GA 36017048)** preséntase ficha individualizada, con planos de localización detallada e pequena descritiva. Tamén se analiza o impacto que pode sufrir no punto 8. *Evaluación de Impacto*, concluíndose que "a infraestrutura do parque máis próxima a este elemento é a zona de xiro do aeroxerador CV-04, situado a uns 195m ao SL". En todo caso, as obras localízanse fóra do ámbito de protección delimitado de maneira específica nos planeamentos municipais (Padrón e A Estrada), polo que se conclúe que **non existe impacto**.

Dentro do patrimonio arquitectónico destacan o **Convento de San Antonio de Herbón** e a **Igrexa de Santa María de Herbón**, ambos declarados Ben de interese cultural (BIC). A vía cultural refírese ao Camiño Portugués que discorre a 2.790 m.

A pesares de que non existen impactos sobre os elementos o documento recolle medidas correctoras de carácter xeral, co obxectivo de evitar afeccións sobre elementos do patrimonio cultural de natureza invisible ou non localizados na fase de prospección. Estas medidas son:

- Comunicación, con antelación suficiente ao equipo arqueolóxico encargado do control e seguimento arqueolóxico das obras, da localización de zonas de provisión ou de calquera outra que non estea recollida na planimetría do proxecto.
- Revisión pormenorizada da reformulación da obra.
- Sinalización dos bens e os seus contornos de protección na cartografía de obra.
- No caso de que aparezan elementos arqueolóxicos durante as fases de replanteo e execución do proxecto, os novos xacementos balízarase con material non perecedeiro, incluíranse na cartografía de obra e prohibírase calquera tipo de remoción de terra non controlada nas inmediacións.
- Tendo en conta as características concretas do **Castro Valente/A Cerca (GA 36017048)** sinálase que os traballos de control arqueolóxico deben intensificarse durante os traballos de roza e nas obras de implantación das 3 máquinas máis próximas (CV-02, 03 e 04). Como medida compensatoria propónse a realización dun **levantamento topográfico** de todo o xacemento e a **sinalización de accesos** aproveitando a mellora das infraestruturas que supoñen os viarios do parque eólico.
- En relación co **Camiño de Santiago** e co **Convento de Herbón** indícase que aínda que as obras non os afectarán de maneira directa, será necesario realizar un estudo do impacto visual que a implantación dos aeroxeradores poda supoñer.

Inclúense, asemade, a aproximación a unha análise de impacto visual que coincide coas vistas (modelizacións) incorporadas ao Anexo IV *Estudio de impacto e integración paisaxística*.

O estudo de impacto sobre o patrimonio cultural conclúe que as características das obras a executar e a súa situación con respecto aos elementos do patrimonio cultural, fai que coa aplicación das medidas correctoras oportunas as obras **non supoñan ningún risco** de afección sobre o Patrimonio Cultural do entorno do proxecto.

Proxecto de Interese Autonómico

O proxecto de interese autonómico estuda o ámbito de afección do PE dende o punto de vista urbanístico e territorial.

- Con respecto ao patrimonio cultural, e ao patrimonio arqueolóxico en particular, sinálase que se levaron a cabo os pertinentes estudos arqueolóxicos e que os resultados destes se incorporaron ao ESlA. Asemade, conclúese que se respectan as áreas de protección dos diferentes elementos catalogados.
- Cotexados os datos e a planimetría do Estudo de Impacto Ambiental cos datos e planimetría do Proxecto de Interese Autonómico, compróbase que non existen diferencias nas características do proxecto.

Unha vez analizados os documentos de ESlA e PIA, pódense facer as seguintes **consideracións técnicas**:

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o planeamento municipal, o plan básico autonómico e os visores do Instituto de Estudos do Territorio, constátase que existen elementos patrimoniais situados nas proximidades da área de afección do Proxecto parque eólico Castro Valente.





- O elemento arqueolóxico máis destacable do entorno do parque é **Castro Valente/ A Cerca (GA 36017048)**, delimitado de maneira específica nos planeamentos municipais de Padrón e A Estrada. Tendo en conta, estas normativas as obras de implantación dos aeroxeradores sitúanse fóra do seu ámbito de protección.
- A pesar de que o deseño do proxecto se dispón de tal maneira que evita a instalación de infraestrutura eólica na área de cautela do **Castro Valente**, as infografías recollidas no EsIA mostran como a implantación dos aeroxeradores rodean o xacemento a pouco máis de 200m, producindo un **forte impacto visual e unha grave ao agresión ao contexto ambiental**, de tal xeito que se altera e anula completamente a percepción e valor patrimonial do ben e o seu contorno espacial. Neste senso, destaca a imponente presenza do aeroxerador CV-03 a beira do camiño de acceso e fronte da única entrada, constatada a día de hoxe, ao recinto fortificado.
- As máquinas, polo seu tamaño e dominio visual, non só desvirtúan a contemplación do elemento arqueolóxico dende o exterior senón tamén dende o interior, impedindo que se poida apreciar unha das características fundamentais deste tipo de xacementos, que é o control visual que teñen sobre a paisaxe que o rodea. Neste caso, é en palabras dos seus investigadores ¹, o **Castro Valente** ten “unha visión privilexiada de toda a contorna, sobre todo favorecida e focalizada cara o trazado do río Ulla e a ría de Arousa”.
- Fernández Abella (2014) destaca o significado deste tipo de xacementos relacionando cos que existen no Monte Aloia (Tui) e no Monte Pindo (Carnota), como testemuñas únicas da organización territorial da Gallaecia tardoantiga.
- Recentes intervencións arqueolóxicas² veñen a recalcar a importancia deste xacemento arqueolóxico encadrándoo cronoloxicamente entre finais do Imperio Romano e mediados da Alta Idade Media. Tamén verifican a presenza de abundante material arqueolóxico e dunha gran muralla de 4m de ancho, dobre cara e torreóns defensivos. A estrutura defensiva cerra un recinto dunhas 10 ha e está feita con cachotería irregular e perpiaño de granito local, asentado en seco.
- Noutras publicacións tamén se destaca presenza, no Sur do xacemento, da Fonte de San Xoán, asociada a unha desaparecida capela do santo homónimo e o importante patrimonio inmaterial que aínda se conserva sobre o “monte”. Raimóndez Portela³ recopila numerosas lendas e folclore: mouros que tiñan alí as súas fogueiras, vigas de ouro enterradas, doncelas que pronuncian adiviñas e se un non acerta desaparecen, unha pía de pedra encantada que mata o gando si se move da súa localización, santos que se escapan correndo, etc.
- Finalmente, cabe sinalar que a localización topográfica singular do xacemento, no cumio dun monte solitario sen apenas ningunha elevación próxima que o “oculte”, outórgalle identidade sobre a paisaxe e fai que as medidas compensatorias establecidas no EsIA non resulten efectivas.
- Respecto ao patrimonio arquitectónico, hai que ter en conta que a pouco máis de 1 km das infraestruturas eólicas se localiza a **igreja de Santa María de Herbón** (Padrón) e a menos de 2 km o **convento franciscano de San Antonio de Herbón**, ambos elementos declarados bens de interese cultural (BIC) por Decreto 1387/1982 e Decreto 151/2013, respectivamente. O contorno de protección delimitado para ambos bens forma un perímetro conxunto que se estende ata o río Ulla na denominada Agra de Longara, unha paraxe de gran beleza natural ao carón do río e bordeada por un amplo conxunto de ladeiras empinadas cara ao leste e oeste. Os bens manteñen unha especial e constante relación visual co Castro Valente, onde se pretende implantar as infraestruturas eólicas.
- Como se pode comprobar na análise de impacto visual incluída nos anexos IV e V do EIA, as infografías aportadas, que non están realizadas en base a fotografías reais in situ, mostran como

1 Fernández Abella, D. (2014). *Castro Valente, unha fortificación de control do río Ulla*. In R. Catalán Ramos, P. Fuentes Melgar e J. C. Sastre Blanco (Eds.) *Las Fortificaciones en la Tardoantigüedad. Élités y articulación del territorio. (Siglos V-VIII d.C.)* (pp. 393–398). Ediciones de La Ergástula, S.L.

2 Fernández Abella, D. (2014). *Castro Valente, unha fortificación de control do río Ulla*. In R. Catalán Ramos, P. Fuentes Melgar e J. C. Sastre Blanco (Eds.) *Las Fortificaciones en la Tardoantigüedad. Élités y articulación del territorio. (Siglos V-VIII d.C.)* (pp. 393–398). Ediciones de La Ergástula, S.L.

3 Reimóndez Portela, M (1990). *A Estrada Rural*. Deputación de Pontevedra.





a implantación das infraestruturas xera un notable impacto visual na paisaxe da contorna. Tres dos aeroxeradores sitúanse nas cotas altas do monte de Casto Valente, rodeando ao xacemento arqueolóxico e que se localiza no cumio dun monte de importante presenza visual na paisaxe da contorna ao non ter elevacións próximas que o oculten.

- Asemade, os aeroxeradores do parque eólico Castro Valente e os camiños, cunha importante presenza e dominación visual na zona, serán especialmente visibles desde os dous BIC, a igrexa románica de Santa María de Herbón e o convento de Herbón, e desde o seu contorno, afectando negativamente ás principais perspectivas e percepcións destes monumentos e causando un importante impacto visual, xa que en todo momento serán visibles a unha distancia de entre 1 e 2 km os catro aeroxeradores do parque eólico.

INFORME

Á vista do exposto na análise da documentación de referencia e nas consideracións técnicas, informo **desfavorablemente** o parque eólico Castro Valente tal e como ven deseñado nos documentos *Estudio de Impacto Ambiental del Proyecto de instalación del Parque Eólico Castro Valente, junio 2021* e *Proyecto de Interés Autonómico Parque Eólico Castro Valente, julio 2021* dado que o deseño do proxecto non é compatible cos valores de protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxías renovables e Eficiencia Enerxética
Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais
Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

